


PLAN DE CONVIVENCIA DO IES PEDRA DA AGUIA

Plan de Convivencia
IES Pedra da Agua- A Ponte do Porto (Camariñas)



Convivir  en paz

ÍNDICE PLAN DE CONVIVENCIA

1. Introducción.....	4
2.- Situación de partida.....	5
2.1.- Características do centro.....	5
2.1.1.- Descrición do centro.....	5
2.1.2.- Situación e características.....	6
2.1.3.- Características e datos do alumnado.....	6
2.2.- A situación da convivencia no centro.....	8
2.2.1.- Incidencias máis frecuentes.....	8
2.2.2. INCIDENCIAS RECOLLIDAS EN CURSOS ANTERIORES.....	9
3.- Obxectivos.....	12
4. Descrición das actuacións, medidas e programas que se van desenvolver para favorecer a convivencia.....	14
4.1. Medidas para previr.....	15
4.1.1. Actividades de acollida do alumnado de nova incorporación.....	15
4.1.2. Acollida ao profesorado novo.....	16
4.1.3. Xornadas de acollida ás familias.....	16
4.1.4. Actividades de coñecemento das normas do centro.....	16
4.1.5. Plan de Acción Titorial.....	16
4.1.6. Encontros familias-escola.....	17
4.1.7. Os talleres de habilidades sociais.....	17
4.1.8. O taller de xénero.....	17
4.1.9. Outras propostas.....	17
4.2.- Medidas para detectar.....	18
4.2.1. Mediación de Aula.....	18

PLAN DE CONVIVENCIA DO IES PLURILINGÜE PEDRA DA AGUIA

4.2.2. Titorías persoais.....	18
4.3.- Medidas para resolver os conflitos.....	19
4.3.1. Mediación entre iguais.....	19
4.3.2.- A figura do compañeiro-titor.....	20
4.4. Formación da Comunidade Educativa en materia de Convivencia.....	20
4.4.1.- Formación do profesorado.....	20
4.4.2.- Formación das familias.....	20
4.4.3.- Formación do alumnado.....	20
5.- O protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar. (Segundo o Protocolo Xeral do Acoso e Ciberacoso escolar da Xunta de Galicia).....	20
5.1.- Concepto de acoso escolar.....	20
5.2.- Tipos de acoso escolar.....	21
5.3.- Protocolo de actuación.....	22
5.3.1.- Primeira fase. Coñecemento da situación. Identificación e comunicación... ..	22
5.3.2.- Segunda fase. Recollida de información e rexistro.....	23
5.3.3.- Análise da información e adopción de medidas.....	24
5.3.4 Cuarta fase. Seguimento e avaliación das medidas adoptadas (Anexo 16). ..	28
5.4.- Estratexias de prevención.....	28
5.4.1 Estratexias organizativas e de prevención no centro.....	28
5.4.2 Estratexias de prevención na aula.....	30
5.5.- O ciberacoso (Segundo o Protocolo Xeral do Acoso e Ciberacoso escolar da Xunta de Galicia).....	32
5.5.1.- Definición do ciberacoso.....	32
5.5.2.- Criterios de identificación do ciberacoso.....	32
5.5.3.- Tipos de ciberacoso.....	33

PLAN DE CONVIVENCIA DO IES PLURILINGÜE PEDRA DA AGUIA

5.5.4.- Protocolo de actuación.....	33
5.5.5.- Estratexias preventivas.....	34
6.- Concreción, en cada unha das actuacións, das medidas ou dos programas, das persoas ou órganos responsables, das persoas destinatarias e dos procedementos que se van seguir para o seu desenvolvemento e execución.....	36
6.1.- Actuacións realizadas para a mellora da convivencia no centro.....	36
6.1.1.- Programa de intervención familiar en centros educativos (PIFCE).....	36
6.1.2. PROGRAMA: “DORNA: embárcate na saúde”.....	38
6.1.3.- PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS.....	39
6.2.- PROCEDEMENTOS PARA A RECOLLIDA DAS INCIDENCIAS EN MATERIA DE CONVIVENCIA.....	39
6.2.1.- Na sala de profesores.....	39
6.2.2.- En Xefatura de Estudos.....	40
6.2.3.- Actuacións previstas para a consecución dos obxectivos do plan.....	40
6.2.4.- Actuacións dos órganos de goberno e de coordinación docente en relación ao tratamento e xestión da convivencia.....	41
6.2.5.- Actuacións conxuntas dos equipos docentes do centro e orientación en relación ao tratamento da convivencia.....	41
6.2.6.- Actuacións a realizar para favorecer a integración do alumnado de novo ingreso.....	42
6.2. 7.- Actuacións para a prevención e tratamento da violencia sexista, racista ou calquera outra.....	42
7.- NORMAS DE CONVIVENCIA (ANEXO NOF).....	42
8.-CONDUTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA (ANEXO NOF).....	42
9.- COMISIÓN DE CONVIVENCIA.....	42
9.1.- A AULA DE CONVIVENCIA.....	44
9.1.1.- Funcións da Aula de Convivencia.....	44
9.1.2.- Atención ao alumnado.....	44

PLAN DE CONVIVENCIA DO IES PLURILINGÜE PEDRA DA AGUIA

9.1.3.- Protocolo a seguir na aula de dinamización da convivencia.....	45
9.1.4.- Valoración do clima de convivencia.....	45
9.1.5.- Información ás familias.....	45
9.1.6.- Instalacións.....	45
10.- Mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno.....	46
10.1.- Familias do alumnado e a súa participación.....	46
11.- Estratexias e procedementos para realizar a difusión, o seguimento e a avaliación do plan de convivencia.....	46
12.- PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA.....	46

1. Introducción

A educación para a convivencia responde á necesidade de formar una cidadanía preparada para desenvolver a súa vida respectándose a si mesma, ás demais persoas e responsabilizándose dos seus actos.

Os Centros Educativos son espazos onde compartir vivencias xuntos, iso é a convivencia. Desde que cada alumno traspasa o seu limiar, todo canto alí acontece, non só o que pasa dentro das aulas, adquire carácter educativo e pode facilitar ou dificultar a convivencia.

Cando nun centro educativo xorden problemas de convivencia, todas as persoas da comunidade educativa deben ser parte da súa solución.

A **Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE)**, incorpora, no seu artigo 121, un matiz importante que afecta aos instrumentos de planificación, xestión e control, pois fala dun proxecto educativo do centro (PEC) que incorpora o plan de convivencia. **Por outra parte, os artigos 120 e 124 da Lei orgánica 2/2006, na redacción dada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro (LOMCE)**, para a mellora da calidade educativa, establecen a autonomía dos centros na elaboración das súas normas de convivencia e das de organización e funcionamento. O mesmo artigo 124 dispón que os centros educativos elaborarán un plan de convivencia no que se recollan todas as actividades que se programen co fin de fomentar un bo clima de convivencia dentro do centro escolar, así como a concreción dos dereitos e deberes do alumnado e das medidas correctoras aplicables en caso de incumprimento das normas de convivencia, que terán un carácter educativo e recuperador, procurando a mellora nas relacións de todos os membros da comunidade educativa; e como novidade do **Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro**, polo que se desenvolve a **Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da**

PLAN DE CONVIVENCIA DO IES PLURILINGÜE PEDRA DA AGUIA

comunidade educativa en materia de convivencia escolar, a corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro poderá imporse logo da instrución dun procedemento corrector, que poderá ser, segundo os casos, un procedemento conciliado ou un procedemento común. Nesta liña, o Plan de Convivencia do noso centro educativo debe propiciar cambios positivos nos modelos de organización escolar, nos currículos, no profesorado, na formación permanente do neno, no alumno, nas relacións coas familias, é dicir, no contexto dos centros escolares. Deberá establecer normas democráticas por varios motivos:

- Para preparar aos alumnos para a vida social adulta.
- Para asumir e practicar valores cívicos e democráticos (respecto polos demais, mobiliario, instalacións, solidariedade, igualdade entre homes e mulleres, tolerancia, dereitos humanos ...).
- Para mellorar a convivencia e o clima escolar: na sala de profesores, espazos comúns, centro escolar, satisfacción e rendemento no traballo diario, interrelación entre alumnos e entre alumnado e profesorado.
- Para a atención á diversidade.

A elaboración deste plan é, sen dúbida, un proxecto ambicioso que require un esforzo por parte da comunidade educativa, pero un reto que o noso centro debe asumir. O plan de convivencia que elaboramos é un espazo para a aprendizaxe da resolución pacífica de conflitos e da convivencia democrática.

2.- Situación de partida

2.1.- Características do centro

2.1.1.- Descrición do centro

O Instituto de Educación Secundaria “Pedra da Aguia” é un centro relativamente novo. Foi creado definitivamente no Decreto 269/1998 do 24 de setembro do 98 con 14 unidades de Educación Secundaria Obrigatoria (DOG 6/10/98) coa denominación de IES de Camariñas. Empeza a funcionar a principios do curso escolar 1998/99. Mediante a Orde do 15 de febreiro de 2001 (DOG 22/3/01) autorízase o cambio de denominación do centro proposta polo Consello Escolar, pasando a chamarse **Instituto de Educación Secundaria “Pedra da Aguia”**. Na actualidade, dende o curso 2015/16 a súa denominación é **IES Plurilingüe Pedra da Aguia**.

Este instituto está aberto a todos/as os/as alumnos/as que cumpran os requisitos académicos legalmente establecidos, domiciliados na contorna próxima do centro. Na actualidade (curso 2016/17) impártense os catros cursos de Educación Secundaria Obrigatoria, programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento en 3º ESO e o PROA dende o curso 2005/06.

2.1.2.- Situación e características

O instituto está encravado dentro da comarca Terra de Soneira, no concello de Camariñas e na localidade da Ponte do Porto.

Camariñas é un concello costeiro, mariñeiro e pouco montañoso situado no corazón da rexión xeográfica da Costa da Morte, formando unha pequena península cunha superficie de 52 km². Abrangue un total de 21 núcleos urbanos agrupados en 4 parroquias.

Este concello limita coas comarcas de Bergantiños (N.), Terra de Xallas (L. e S.) e Fisterra (S. e O.) e está bañado polo océano Atlántico. Pola súa zona central corre o río Grande (tamén chamado río do Porto) que nace no Pico Meda e desemboca na ría de Camariñas. O nome do concello parece que pode vir dunha planta autóctona chamada “caramiña” que quere dicir “herba da fame”.

A súa **poboación** é de 5486 habitantes, segundo o padrón do 2016. Ten grandes zonas deshabitadas, pero aínda así hai arredor duns 106,32 hab./km². A principal actividade económica da poboación é o traballo no mar (pesca de baixura e marisqueo) nas localidades costeiras. Nas localidades non costeiras a economía familiar complementase coa agricultura, o comercio, a construción, a artesanía de encaixe de bolillos e, sobre todo, a emigración. Nestes últimos anos está despegando o desenvolvemento do turismo.

2.1.3.- Características e datos do alumnado

Aínda que o instituto está encravado no concello de Camariñas, unha pequena parte do alumnado pertence ao veciño concello de Vimianzo, concretamente ás parroquias de Carnés e Cereixo.

Os **centros adscritos** son: CEIP “O Areal” de Camariñas e CEIP da Ponte do Porto.

Rematado o período de escolaridade obrigatoria, o alumnado ten que desprazarse para continuar os seus estudos a Vimianzo, a Cee ou a outros centros máis distantes (Baio, Carballo, A Coruña, Santiago,...).

O **elevado índice de emigración**, sobre todo a Suíza, que se veu producindo nun pasado recente, consecuencia das escasas posibilidades de traballo e dos baixos salarios, orixinou situacións de separación e desestruturación das familias. A crise na construción, no sector pesqueiro e a escaseza de postos de traballo está a orixinar novos movementos migratorios cara a outros destinos.

PLAN DE CONVIVENCIA DO IES PLURILINGÜE PEDRA DA AGUIA

Alumnado escolarizado no curso escolar 2016/17

NIVEIS	Nº ALUMNOS/AS	GRUPOS
1º ESO	49	3
2º ESO	49	2
3º ESO	45	3 (incluído 3º PMAR)
4º ESO	32	2

TOTAL ALUMNOS/AS: 175

Contamos cunha aula de Pedagogía e Terapéutica que está atendida por unha especialista en Pedagogía Terapéutica a tempo completo e unha especialista en Audición e Linguaxe compartida co CPI Eugenio López, de Laxe.

Tamén contamos cun programa de reforzo, orientación e apoio (PROA), que se desenvolve os luns de 15:15 a 17:15 horas, martes de 18:30 a 20:30 horas, mércores de 15:15 a 19:15 horas e xoves de 15:15 a 17:15 horas, que atende a toda a ESO. Neste curso 2016/17 contamos con tres grupos. Este programa está coordinado por unha profesora do centro e impartido por unha profesora do centro e outra persoa externa ó mesmo.

A localización do noso Instituto, así como as características da contorna e das familias, condicionan a convivencia diaria e a cantidade e calidade dos conflitos.

O Claustro de profesores neste curso 2016/17 está integrado por 25 profesores/as.

2.2.- A situación da convivencia no centro

Para elaborar este apartado utilizáronse os datos recollidos pola Xefatura de estudos sobre aplicación de sancións e os recollidos doutras medidas desenvolvidas no centro, como aula de desdobre, aula de convivencia e programa de intervención familiar desenvolvido conxuntamente co departamento de asuntos sociais do Concello de Camariñas.

2.2.1.- Incidencias máis frecuentes

INTRODUCCIÓN

Nos últimos tempos vense incrementando o número de insultos entre o alumnado, manifestando unha linguaxe expresiva malsoante, polo que a súa corrección sería un obxectivo prioritario e urxente a traballar dentro do plan de convivencia.

FALTAS LEVES

1. Disrupcións. Mal comportamento. Interromper as explicacións, intentar chamar a atención alterando o desenvolvemento da clase: facerse o gracioso, provocar risas ... Falar, murmurar con outros compañeiros.
2. Berrar, alborotar. Cantar, asubiar, rirse con intención de incomodar, molestar.
3. Poñerse de pé, erguerse sen permiso.
4. Tirar papeis, lanzar obxectos, pintar mesas e cadeiras.
5. Uso de aparellos electrónicos no centro, tales como móbil e outros sen permiso expreso do profesor/a.
6. Comer nas aulas.

FALTAS GRAVES

1. Non respectar ao profesorado, enfrontarse ao profesor/a, contestar, encararse, discutir e opoñerse sistematicamente a todas as indicacións do profesor, non respectando as normas básicas de convivencia.
2. Maltratar o material escolar, así como romper enchufes, cristais, persianas, radiadores, ensuciar paredes, e outros desperfectos.
3. Insultar a calquera membro da comunidade educativa.
4. Pelexar cos compañeiros.
5. Enfados violentos, perda de control.
6. Non entregar o móbil ou outros aparellos electrónicos cando se requiren.

2.2.2. INCIDENCIAS RECOLLIDAS EN CURSOS ANTERIORES.

1º ESO	Curso 2007/08	Curso 2008/09	Curso 2009/10	Curso 2010/11
Amoestacións	300	117	63	114
Partes de incidencias	34	11	14	8
Expulsións	14	3	6	1
Expedientes	2	0	2	0
2º ESO	Curso 2007/08	Curso 2008/09	Curso 2009/10	Curso 2010/11
Amoestacións	207	230	274	114
Partes de incidencias	88	40	18	39
Expulsións	22	14	12	12
Expedientes	3	3	0	2

3º ESO	Curso 2007/08	Curso 2008/09	Curso 2009/10	Curso 2010/11
Amoestacións	36	61	34	66
Partes de incidencias	3	19	15	23
Expulsións	2	5	1	4
Expedientes	0	0	0	0

PLAN DE CONVIVENCIA DO IES PLURILINGÜE PEDRA DA AGUIA

4º ESO	Curso 2007/08	Curso 2008/09	Curso 2009/10	Curso 2010/11
Amoestacións	21	67	29	15
Partes de incidencias	18	15	6	6
Expulsións	3	2	1	2
Expedientes	0	0	0	0
PCPI	Curso 2007/08	Curso 2008/09	Curso 2009/10	Curso 2010/11
Amoestacións				9
Partes de incidencias				0
Expulsións				
Expedientes				0

1º ESO	Curso 2011/12	Curso 2012/13	Curso 2013/14	Curso 2014/15	Curso 2015/16
Amoestacións	72	188	154	21	15
Partes de incidencias	15	10	13	2	2
Expulsións	5	12	7	0	0
Expedientes	0	0	1	0	0

PLAN DE CONVIVENCIA DO IES PLURILINGÜE PEDRA DA AGUIA

2º ESO	Curso 2011/12	Curso 2012/13	Curso 2013/14	Curso 2014/15	Curso 2015/16
Amoestacións	42	164	230	100	49
Partes de incidencias	8	16	9	6	14
Expulsións	2	11	5	4	4
Expedientes	0	0	0	0	0
3º ESO	Curso 2011/12	Curso 2012/13	Curso 2013/14	Curso 2014/15	Curso 2015/16
Amoestacións	43	29	16	43	24
Partes de incidencias	9	3	10	13	3
Expulsións	2	3	4	4	2
Expedientes	0	0	0	0	0
4º ESO	Curso 2011/12	Curso 2012/13	Curso 2013/14	Curso 2014/15	Curso 2015/16
Amoestacións	9	34	25	27	9
Partes de incidencias	6	6	9	8	10
Expulsións	0	1	1	4	0
Expedientes	0	0	0	0	0
PCPI	Curso 2011/12	Curso 2012/13	Curso 2013/14	Curso 2014/15	Curso 2015/16

PLAN DE CONVIVENCIA DO IES PLURILINGÜE PEDRA DA AGUIA

Amoestacións	21	3	47	-	-
Partes de incidencias	6	0	7	-	-
Expulsións	3	0	2	-	-
Expedientes	0	0	0	-	-

3.- Obxectivos

O plan de convivencia deberá contribuír á consecución dos seguintes obxectivos xerais (segundo o artigo 12 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar):

- a) Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- b) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- c) Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- d) Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- e) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- f) Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica de conflitos.
- g) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.

PLAN DE CONVIVENCIA DO IES PLURILINGÜE PEDRA DA AGUIA

- h) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
- i) Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais,

Os obxectivos específicos son os seguintes:

1. Enfrontarse aos conflitos de xeito directo dotando a toda a comunidade educativa de instrumentos para unha detección e resolución pacífica dos conflitos.
2. Continuar co labor de concienciación (ao Claustro, familias e alumnado) sobre a importancia da adecuada convivencia escolar, para unha mellor relación ensino-aprendizaxe.
3. Favorecer a dinamización da Xunta de Delegados, dando máis voz e medios para intervir na resolución de conflitos, facendo fincapé na necesidade de que cada grupo elabore as súas propias normas.
4. Potenciar as asembleas de aula e de delegados/as, dando máis voz e medios para intervir na resolución dos problemas.
5. Dar a coñecer as normas do Centro a toda a comunidade educativa.
7. Continuar coa organización de actividades preventivas tanto nas titorías como no Centro en xeral, especificando a súa planificación e secuencias por meses.
8. Ter en conta os intereses do alumnado á hora de programar actividades e contidos.
9. Favorecer a participación do profesorado nas comisións creadas.
10. Potenciar o labor da Comisión da Convivencia.
11. Colaborar con entidades alleas no tratamento de conflitos no Instituto.
12. Potenciar o respecto á diversidade cultural, aos membros da comunidade, prestando especial interese ao alumnado con NEE.
13. Fomentar o respecto entre todos os membros da comunidade, así como a integración de todo/a alumno/a no centro, prestando especial interese ao alumnado con NEE.
14. Organizar actividades de socialización.
15. Favorecer unha axeitada acollida á integración do alumnado e familias de nova incorporación.

16. Traballar a cohesión grupal en todos os niveis educativos.

4. Descrición das actuacións, medidas e programas que se van desenvolver para favorecer a convivencia

As medidas complementarias para a mellora da convivencia (Segundo o artigo 24 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar) poden expoñerse da seguinte forma:

O departamento de Orientación de cada centro elaborará e desenvolverá un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais por parte do alumnado como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia, dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente.

Así mesmo, elaborárase e desenvolverase un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais específico para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras, estea temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro. Este programa aplicarase coordinadamente entre o departamento de orientación e o profesorado titor, que procurarán implicar ao resto do profesorado e as familias e, de ser o caso, os servizos sociais correspondentes, para lograr conxuntamente o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.

Poderán desenvolverse, ademais, programas que supoñan a incorporación de aspectos relacionados co autoconcepto e a autoestima, a xestión pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, traballo cooperativo, educación afectivo-sexual e igualdade entre homes e mulleres.

4.1. Medidas para previr

4.1.1. Actividades de acollida do alumnado de nova incorporación.

Levadas a cabo por Orientación, Dinamización da Convivencia e Xefatura de Estudos, empezan cando os alumnos están en 6º de Primaria:

A orientadora e o Equipo Directivo reúnen cos/as profesores/as tutores/as de 6º de Primaria dos centros adscritos e cos orientadores.

Durante unha xornada ao remate do curso anterior á incorporación no centro, este novo alumnado visita o instituto onde se lle explica o funcionamento, introducíndoos nas normas e no día a día do Instituto. Ensínanselles as dependencias, e nun coloquio téntase responder a cantas preguntas queiran facer. Se non dá tempo, responderanse por escrito enviando un correo electrónico ao centro de Primaria correspondente. Ese día coñecen tamén aos seus futuros compañeiros/as procedentes do outro centro de Primaria.

PLAN DE CONVIVENCIA DO IES PLURILINGÜE PEDRA DA AGUIA

Cando un/ha alumno/a se incorpora ao centro unha vez iniciado o curso é atendido/a en Orientación e pola Xefatura de Estudos, que realiza con el ou ela un labor de inmersión na aula e no centro. Conta para iso coa colaboración dos/as titores/as e algún compañeiro ou compañeira da súa clase.

Os obxectivos desta actividade son:

- Favorecer o coñecemento do Instituto e da ESO por parte do alumnado que se incorpora ao Centro.
- Previr desaxustes persoais debidos aos procesos de adaptación persoal ao novo contorno escolar.
- Acompañar ao alumnado que estea a pasar por un tránsito especial (cambio de residencia, de país,...) na súa integración na aula e no Centro.
- Colaborar coas familias do alumnado que vai integrarse no Centro.

4.1.2. Acollida ao profesorado novo

Ao comezo de curso realízase unha xornada de acollida onde se explican ao profesorado as características do alumnado e do centro. A reunión é organizada polo Equipo Directivo en colaboración con Orientación, coa finalidade de facilitar ao novo profesorado o coñecemento do centro mediante a entrega dunha carpeta que recolla a información relevante sobre o seu funcionamento.

4.1.3. Xornadas de acollida ás familias

- Ó final de cada curso faise unha xornada de orientación e primeira toma de contacto coas familias de 6º Educación Primaria.
- O día da presentación do curso faise unha xornada de portas abertas para as familias de 1º ESO.
- No mes de outubro faise unha xornada de titoría grupal para todas as familias do alumnado do centro.

4.1.4. Actividades de coñecemento das normas do centro

Durante as horas de titoría do 1º trimestre dáselle a coñecer ao alumnado as Normas de Organización de Funcionamento do Centro e Dereitos e Deberes do Alumnado e posteriormente procédese á elaboración das normas do grupo.

4.1.5. Plan de Acción Titorial

Segundo as directrices dun plan marco elaborado e consensuado na CCP e con actividades concretas segundo o Anexo (PAT)

PLAN DE CONVIVENCIA DO IES PLURILINGÜE PEDRA DA AGUIA

Elaborado polo departamento de Orientación e desenvolvido polos titores, ten como obxectivo a mellora da convivencia e concrétese nas seguintes actividades:

- Obradoiro de prevención de violencia de xénero
- Celebración de determinados días (paz, dereitos humanos, violencia de xénero, etc)
- Actividades na biblioteca
- Marcha de convivencia, ó inicio de curso, para o profesorado e alumnado.

4.1.6. Encontros familias-escola

Realización dun encontro ao mes coas familias do alumnado, algún profesor do centro e profesionais da contorna de distintas organizacións, para tratar temáticas diversas e de interese das familias.

4.1.7. Talleres de habilidades sociais

Van dirixidos a todo o alumnado en función das súas necesidades para traballar e canalizar o seguinte:

- Falta de respecto ao/á profesor/a (enganos, insultos, non facer caso)
- Falta de respecto aos/ás compañeiros/as (insultos, ameazas)
- Falta de comportamento adecuado na aula (levantarse sen permiso, abandonar a aula, berrar, interromper, comer chicle, utilizar o móbil)
- Danos ao material (romper, golpear, pintar)

Coordinados pola persoa dinamizadora da convivencia en colaboración coa Xefatura de Estudos e Orientación, os seus obxectivos son:

- Observar a realidade, diversa e plural, do alumnado do centro.
- Analizar a diversidade de actuacións contrarias ás normas de convivencia que realiza un sector do alumnado.
- Coñecer as causas polas que esta alteración da convivencia pacífica se produce.
- Reflexionar co alumnado as motivacións da conduta negativa e as alternativas positivas para que se produza unha educación de desenvolvemento integral da persoa, que non é allea á súa inclusión social.

PLAN DE CONVIVENCIA DO IES PLURILINGÜE PEDRA DA AGUIA

- Descubrir ós/ás alumnos/as, que teñen descompensacións nas súas relacións persoais e escolares, que hai camiños e métodos que lles poden axudar a mellorar.

4.1.8. Taller de xénero

Vai dirixido a mozos e mozas que demostraron ou sufriron, actitudes ou comportamentos sexistas, así como a mozas que poidan estar correndo risco social por cuestións de parella (prevención violencia machista).

4.1.9. Outras propostas

1. Concurso de bo comportamento e limpeza da aula.
2. Organización de obradoiros, cursos e conferencias con determinadas ONG ou outras institucións.
3. Procedementos para mediar na resolución pacífica de conflitos.

4.2.- Medidas para detectar

4.2.1. Mediación de Aula

Ten como obxectivos a detección de conflitos no grupo, tentar neutralizalos, integrar ao alumnado novo, acompañar aos máis necesitados, favorecer o bo clima da aula, ser modelos dos demais compañeiros/as e participar en actividades de derivación a Mediación ou Orientación.

4.2.2. Tutorías persoais.

Propóñense desde o Equipo Directivo, xunto cos departamentos de Orientación e Dinamización, coa idea de atender a alumnos que presentan máis dificultades:

- a) Alumnado con problemas de timidez que poidan afectar á súa integración e desenvolvemento curricular.
- b) Alumnado con problemática persoal ou familiar que poida afectar á súa adaptación escolar.
- c) Alumnado con desmotivación escolar e falta de traballo.

Estas poden ser debido a factores socio-económicos, familiares, de falta de disciplina, absentismo, etc.

Esta actividade será realizada por profesorado voluntario e, se é posible, que teña formación en mediación. Para iso, a asignación do titor en calquera caso faise tendo en conta unha serie de condicións tales coma non ser titor da súa aula, non coñecer ao alumno, posibilidade de continuar co titor persoal do curso anterior e respectar a

PLAN DE CONVIVENCIA DO IES PLURILINGÜE PEDRA DA AGUIA

preferencia do alumno. Este, de maneira voluntaria, aceptará estar dentro do programa de tutoría colaborando co titor persoal que se lle asigne e a familia estará debidamente informada da actuación levada a cabo cos seus fillos.

O profesorado voluntario realizará as titorías persoais nas súas horas non lectivas de permanencia no centro, podendo utilizar os recreos tamén para manter o contacto co alumno.

Este titor, de maneira individual, ofrece apoio, escoita activa e sobre todo interese pola súa problemática buscando mellorar a actitude deste alumnado, potenciando as cousas positivas que posúen e mellorar así o rendemento escolar e resultados académicos.

Os obxectivos desta actividade son:

- Acompañar ao alumnado con dificultades de adaptación persoal e escolar, servindo de guía, referente ou modelo no seu proceso de desenvolvemento como persoa.
- Conseguir establecer unha relación de confianza titor-alumno que permita a comunicación e a resolución de conflitos.

4.3.- Medidas para resolver os conflitos

4.3.1. Mediación entre iguais.

Os obxectivos da mediación son:

- Mellorar o clima escolar.
- Facilitar a comunicación e o entendemento das partes.
- Favorecer a resolución de conflitos de xeito pacífico no ámbito escolar.
- Diminuír a aplicación de medidas sancionadoras.
- Mellorar as relacións interpersoais.
- Favorecer a participación activa do alumnado na resolución de conflitos.
- Contribuír a fomentar un clima de diálogo e paz na comunidade educativa, extensible ás vidas persoais dos participantes, tanto activos como pasivos.
- Desenvolver unha actitude reflexiva e crítica no alumnado.
- Favorecer o desenvolvemento das habilidades sociais.
- Conseguir un clima de respecto e aceptación das normas de convivencia.

PLAN DE CONVIVENCIA DO IES PLURILINGÜE PEDRA DA AGUIA

- Educar en valores fundamentais para a convivencia: tolerancia, solidariedade e respecto. Para esta medida fará falta un profesor responsable.

Existirá un protocolo para solicitar a mediación, ou solicitar ser mediador ou mediadora.

4.3.2.- A figura do compañeiro-titor.

4.4. Formación da Comunidade Educativa en materia de Convivencia.

4.4.1.- Formación do profesorado

A formación do profesorado neste ámbito levarase a cabo a través da xestión do plan de formación do profesorado que se fai extensible a todo o Claustro.

Cada curso pódense solicitar diferentes modelos de formación: cursos, seminarios, proxectos.

4.4.2.- Formación das familias

Propoñeráse ás familias, anualmente, a participación en xornadas informativas que promoven a convivencia pacífica no centro e que organizan as diversas asociacións , grupo de encontro e debate de nais/pai ou Servizos Sociais do concello.

4.4.3.- Formación do alumnado

Desenvolveranse talleres organizados por diferentes asociacións en función das necesidades detectadas no alumnado.

5.- Protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar (segundo o Protocolo Xeral do Acoso e Ciberacoso escolar da Xunta de Galicia)

5.1.- Concepto de acoso escolar

Para os efectos desta lei, considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumnos ou alumna por outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

Criterios de identificación do acoso escolar

PLAN DE CONVIVENCIA DO IES PLURILINGÜE PEDRA DA AGUIA

Para poder considerar un comportamento como acoso escolar, deben cumprirse tres criterios diagnósticos, que deben darse simultaneamente, prescindindo da personalidade da posible vítima:

- A existencia de intención de facer dano.

Debe existir unha vítima concreta, indefensa e unha persoa agresora que lle fai dano conscientemente.

- A repetición das condutas agresivas.

A agresión crea na vítima a expectativa de poder ser branco de ataques novamente.

Existencia dunha acción agresiva repetida, durante un período longo de tempo e de forma recorrente. Os comportamentos de abuso preséntanse reiteradamente no tempo.

É un tipo de violencia difícil de identificar debido a que o acoso case sempre permanece oculto para as persoas adultas, mentres que o alumnado ten coñecemento dos sucesos.

- A duración no tempo.

Establecemento dun esquema de abuso de poder desequilibrado entre a vítima e a persoa agresora ou persoas agresoras.

Presenza de desigualdade de poder (desequilibrio de forzas) entre a persoa máis forte e a persoa máis débil. É unha situación desigual, de indefensión para a vítima. Hai un desequilibrio e un abuso de poder que impide que a persoa acosada poida saír por si mesma da situación.

5.2.- Tipos de acoso escolar.

Para poder identificar unha situación de acoso é necesario coñecer tanto as súas formas coma as súas consecuencias.

De xeito esquemático podemos considerar os seguintes tipos ou manifestacións do acoso (informe do Defensor do Pobo – UNICEF, 2000 e 2007)

Tipos de acoso	Modalidade de acoso	Manifestación
Exclusión e marxinación social	Activa	Non deixar participar
	Pasiva	Ignorar
Agresión verbal	Directa	Insultar, pór alcumes ofensivos,
	Indirecta	Falar mal de alguén ás súas costas
Agresión física	Directa	Pegar

PLAN DE CONVIVENCIA DO IES PLURILINGÜE PEDRA DA AGUIA

	Indirecta	Agachar, romper ou roubar cousas
Maltrato	Mixto	Ameazar para meter medo Ameazar con armas Obrigar a facer algo con ameazas (chantaxe)
	Acoso sexual físico	Actos
	Acoso sexual verbal	Comentarios
Notas: <ul style="list-style-type: none">• Exemplos de manifestación cando se produce exclusión e marxinação social: minan a autoestima da persoa e fomentan a súa sensación de temor, rexeitamento, marxinação, humillación, ridiculización das súas opinións, burlas, acoso ou xestos de asco, desprezo ou agresividade dirixidos contra a vítima, pretende illar á persoa do resto do grupo e compañeiras ou compañeiros, no grupo e no centro. Exclusión, non dirixible a palabra, difusión de rumores e calumnias contra a vítima e o seu aspecto..., na súa presenza ou na súa ausencia, comentarios relativos sobre o grupo ao que pertence (sexo, raza, relixión ...), outros.• Exemplos de manifestación cando se produce agresión verbal: palabras insultantes, humillacións, alcumes, ameazas, provocacións, desprestixio ou difusión de falsos rumores, menosprezos e ridiculización en público, resaltar defectos físicos, outros.• Exemplos de manifestación cando se produce agresión física: incomodar (descolocarlle as cousas, tirar da roupa), intimidacións (ameazas de violencia física, amago de pegarlle...), maniféstase a través de agresións leves ou graves directas (asustar, golpes illados, empurróns, patadas, puñados, beliscos, golpes, tundas, pegar,...), extorsións, furtos, roubos, danar as pertenzas da vítima, agocharlle as cousas (maltrato indirecto), uso de calquera obxecto para arremeter contra a persoa, outros.		

Para erradicar as situacións de acoso escolar, debemos ter presente o seguinte:

- Intervir ao primeiro sinal, para que a violencia non sexa grave nin se repita.
- A amizade e a integración como prevención.
- Existen tres papeis que hai que previr, intervindo con toda a comunidade educativa: o de persoa agresora, o de vítima e o de persoa espectadora pasiva.

5.3.- Protocolo de actuación

Para favorecer o repartimento de responsabilidades e a coordinación nas accións, propónse adoptar diferentes fases:

- Fase primeira: coñecemento, identificación e comunicación da situación.
- Fase segunda: recollida de información e rexistro.
- Fase terceira: análise da información e adopción de medidas.
- Fase cuarta: seguimento e avaliación das medidas adoptadas.

5.3.1.- Primeira fase. Coñecemento da situación. Identificación e comunicación.

Primeira fase				
Coñecemento, identificación e comunicación da situación				
Comunicación á Dirección e rexistro desta comunicación (Anexo 1)				
Adopción das primeiras medidas				
Medidas urxentes de protección á presunta vítima	Designación dun responsable de atención á presunta vítima	Comunicación ás familias do alumno implicado	Designación dun responsable das pesquisas previas	Comunicación a outros profesionais educativos e/ou axentes externos
	Anexo 2	Anexos 3 e 4	Anexo 5	Anexo 6

Cadro 1. Esquema da primeira fase do protocolo.

a) Comunicación sobre unha posible situación de acoso escolar (Anexo1)

b) Medidas urxentes de protección á presunta vítima.

Debe primar sempre o interese da presunta vítima sobre calquera outra consideración.

Entre estas medidas urxentes poderán adoptarse as seguintes:

Medidas cautelares que impidan o contacto entre a suposta vítima e a persoa ou persoas causantes da posible situación de acoso.

Comunicación e solicitude de colaboración ás familias do alumnado implicado.

Asignación dunha persoa responsable de atención e apoio á presunta vítima.

d) Designación dunha persoa responsable da atención e apoio á presunta vítima (Anexo 2).

A persoa titular da dirección do centro designará unha persoa responsable da atención á presunta vítima entre o profesorado do propio centro.

e) Primeira comunicación ás familias do alumnado implicado (Anexos 3 e 4).

f) Nomeamento dunha persoa responsable das pesquisas previas, se procede (Anexo 5).

g) Comunicación a outros profesionais educativos e/ou outros axentes externos (Anexo 6).

5.3.2.- Segunda fase. Recollida de información e rexistro

Segunda fase

PLAN DE CONVIVENCIA DO IES PLURILINGÜE PEDRA DA AGUIA

Recollida e rexistro da información (anexo 7)					
Entrevista individual á presunta vítima	Entrevista á/ás persoa/s presuntamente responsable/s	Entrevista ás persoas observadoras/espectadoras	Entrevistas ás familias implicadas	Solicitud de asesoramento e/ou apoio técnico	
				Departamento de Orientación	Outros profesionais educativos e/ou axentes externos
Anexo 8	Anexo 9	Anexo 10	Anexos 11 e 12	Anexo 13	Anexo 14

Cadro 2. Esquema da segunda fase do protocolo.

- a) Recollida inicial de información (Anexo 7).
- b) Entrevista individual á presunta vítima (Anexo 8).

Cando o alumno ou alumna entrevistado/a sexa menor de idade, procederá que esta entrevista se produza en presenza dun adulto.

- c) Entrevista individual á/ás persoa/s posible/s responsable/s do acoso (Anexo 9).
- d) Entrevista individual ás persoas observadoras/espectadoras (Anexo 10).
- e) Entrevista individual ás familias. Citación para entrevista ás familias da persoa acosada e da persoa ou persoas posibles acosadoras (Anexos 11 e 12)
- f) Solicitud de asesoramento e/ou apoio técnico ao departamento de orientación do centro (anexo 13)

A persoa responsable da tramitación poderá solicitar asesoramento e/ou apoio técnico á persoa que ocupe a xefatura de orientación do centro cando o considere necesario e oportuno para o desenvolvemento do proceso.

5.3.3.- Análise da información e adopción de medidas

Terceira fase						
Análise da información e adopción de medidas (Anexo 15)						
Comunicación á dirección da información recadada						
				Apertura de expediente (se procede)		
Adopción de medidas educativas (con independencia do proceso corrector)				Non	Si	
Outras medidas						
Protección e apoio á presunta vítima				Medidas reeducadoras para a/as persoa/s agresoras	Medidas provisionais para a/as persoa/s agresora/s	
	Alumnado	Familias	Equipo docente			
Anexo 16	Anexo 16			Ver modelos normalizados		

PLAN DE CONVIVENCIA DO IES PLURILINGÜE PEDRA DA AGUIA

Cadro 3. Esquema da terceira fase do protocolo.

a) Análise da información

As actuacións que constitúan acoso escolar considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e non poderán ser constatadas e corrixidas sen a previa instrución dun expediente.

b) Adopción de medidas educativas

Con independencia do resultado da instrución do expediente, unha vez rematado este, a persoa responsable da dirección do centro, tomando en consideración a información aportada, ditaminará as medidas de mellora educativas que hai que adoptar, para o que, se o considera oportuno, poderá solicitar a colaboración do departamento de orientación e da comisión de convivencia do centro.

As medidas que teñan que impoñerse deberán ter un carácter educativo, tendente á reflexión e toma de conciencia dos feitos, ao cambio de actitude e á reparación do dano causado, de ser o caso; ademais terán que garantir o respecto dos dereitos do alumnado e procurar a mellora das relacións de todos os membros da comunidade educativa.

b.1) Medidas de protección á presunta vítima

Algunhas destas medidas poderían ser:

- Vixilancia específica das persoas presuntamente implicadas (acosada e acosadora/s)
- Solicitude de colaboración familiar para o control e seguimento dos seus fillos ou das súas fillas.
- Asignación dunha “persoa responsable de apoio e atención á vítima” á que a vítima poida acudir cando o necesite.
- Reorganización do horario de profesorado para unha mellor atención do alumnado afectado.
- Concertar encontros periódicos para facer seguimento da situación.
- Tutoría individualizada e grupal da súa clase, proporcionando pautas de autoprotección, técnicas de relaxación e control do estrés, adestramento en habilidades sociais, mellora do autoconceito e da autoestima...
- Actividades para desenvolver nas titorías do centro enfocadas á mellora das habilidades sociais: capacidade para facer amigos, integrarse en actividades de grupo, ser asertivos, expresar as propias opinións...

PLAN DE CONVIVENCIA DO IES PLURILINGÜE PEDRA DA AGUIA

- Organización de grupos de axuda entre iguais, formados previamente para acompañar á posible vítima, sobre todo nos intres e lugares de maior risco (entradas, saídas, corredores...).
- De ser necesario, cambio de grupo temporal ou definitivo da persoa ou persoas posibles acosadoras, logo do oportuno expediente.
- Apertura de expediente á persoa ou persoas presuntamente agresora/s.
- Derivar a servizos de profesionais especializados externos as persoas implicadas, se procede, para abordar tratamentos específicos que poidan reforzar o labor efectuado no centro.
- Comunicación ao Ministerio Fiscal se o feito puidese ser constitutivo de delito ou falta penal.

b.2) Medidas reeducadoras e correctoras para a/as persoa/s agresora/s unha vez instruído o expediente e confirmado o acoso.

- **Medidas reeducadoras para a/as persoa/s agresora/s.** Como actuacións complementarias ás medidas correctoras concluídas logo do oportuno expediente, é preciso desenvolver coa persoa ou persoas agresora/s medidas reeducadoras coma as seguintes:
 - Elaboración por parte do departamento de Orientación de cada centro docente dun programa de habilidades sociais.
 - Desenvolvemento de procedementos conciliados para a resolución de conflitos. A opción pola conciliación suspende o inicio do procedemento de corrección da conduta, que se retomará no caso de que a conciliación sexa infrutuosa.
 - Formación de equipos de mediadores.
 - Formación específica sobre as consecuencias da conduta: pedirlle perdón á vítima, participar en programas de mediación, traballos escritos de reflexión e concienciación sobre feitos, as súas consecuencias e o xeito de compensar os danos.
 - Desenvolvemento da capacidade de empatía, poñernos no lugar do outro. Os agresores poden coñecer as emocións que sente a vítima, amosan empatía cognitiva, pero non son capaces de compadecerse, non amosan empatía emocional (sentir cos demais).
 - Programas de modificación de conduta, axuda personalizada, desenvolvemento persoal, comportamentos prosociais, estratexias de resolución de conflitos con solucións alternativas á agresión...

PLAN DE CONVIVENCIA DO IES PLURILINGÜE PEDRA DA AGUIA

- Solicitude de colaboración familiar para a vixilancia e control dos seus fillos e fillas.
- Derivación a servizos especializados externos para abordar tratamentos específicos, se procede.
- **Medidas correctoras para a/as persoas/agresora/s.** Unha vez confirmada a existencia de indicios suficientes da situación de acoso, requirirase da tramitación do oportuno expediente segundo as instrucións e procedementos establecidos con carácter xeral.

b.3) Outras medidas

- **Co grupo-clase e co alumnado espectador/observador.**
 - Campañas de sensibilización, mediación e apoio entre compañeiros e compañeiras, programas de habilidades sociais, de comunicación e empatía...
 - Actividades que posibiliten o rexeitamento e a denuncia explícita de condutas violentas na convivencia entre iguais: analizar a diferenza entre a conduta solidaria de denunciar a inxustiza e o ser acusón.
 - Desenvolver estratexias de axuda entre iguais e traballos cooperativos.
 - Analizar as consecuencias dos comportamentos.
 - Realizar actividades de adestramento para actuar ante diferentes situacións de maltrato.
- **Coas familias.**
 - Contribuír ao crecemento persoal dos seus fillos e fillas a través do diálogo e da educación en valores, desenvolvendo unhas axeitadas normas de convivencia no contorno familiar.
 - Desenvolver a súa potencialidade como educadores das súas fillas e fillos.
 - Recoñecer o seu papel como axentes educativos, xunto co profesorado, actuando como portadores de aspectos significativos para o desenvolvemento integral dos seus fillos ou fillas.
 - Mellorar as condicións afectivas, sociais e escolares que lles faciliten a aprendizaxe aos seus fillos e ás súas fillas e un desenvolvemento harmónico da súa personalidade.
 - Ensinanza de habilidades sociais, aprendizaxe cooperativa, ocio de calidade, resolución de conflitos sen violencia, eficacia da disciplina e ensinanza de

PLAN DE CONVIVENCIA DO IES PLURILINGÜE PEDRA DA AGUIA

límites, prevención do sexismo, evitar a influencia negativa do uso inadecuado da televisión e doutras tecnoloxías...

- Fortalecer a implicación da familia na vida escolar e a responsabilidade na toma de decisións educativas conxuntas sobre os seus fillos e as súas fillas (establecer compromisos).
- **Co equipo docente.**
 - Formación para saber como detectar e intervir na aula ante situacións de acoso escolar.
 - Formación específica do profesorado, elaboración de materiais e documentos, protocolos de actuación axustados ao propio centro.
 - Acordar e unificar criterios de actuación. Creación dun código común de formas de actuar por parte dos docentes ante problemas de convivencia que incidirá na coherencia para abordar un conflito.
 - Apoiar e facilitar o labor do profesorado titor.
 - Colaborar coa dirección do centro na xestión dos problemas de convivencia e apoiar e facilitar o labor da persoa responsable da tramitación do protocolo e da persoa responsable de apoio e atención á vítima, no desenvolvemento das funcións para as que foron nomeadas.
 - Promover a implicación do alumnado na xestión de determinados conflitos (alumnos axudantes ou mediadores).

5.3.4 Cuarta fase. Seguimento e avaliación das medidas adoptadas (Anexo 16)

Cuarta fase Seguimento e avaliación das medidas adoptadas		
Medidas	Grao de consecución	Avaliación
Anexo 16	Anexo 16	Anexo 16

Cadro 4. Esquema da cuarta fase do protocolo.

5.4.- Estratexias de prevención

Estas estratexias de prevención incluíranse no plan de convivencia do centro, así como nas súas normas de organización e funcionamento (NOF), dentro do marco do Proxecto Educativo, para favorecer a convivencia no centro.

5.4.1 Estratexias organizativas e de prevención no centro.

Entre as posibles estratexias organizativas e de prevención que contribúen á mellora do clima xeral do centro, pódense considerar:

- Promover a participación na elaboración e revisión dos documentos do centro, destacando os valores e normas que pretenden desenvolver actitudes prosociais de igualdade, respecto e diálogo, fomentando o consenso na toma de decisións.
- Potenciar o funcionamento da comisión de convivencia do centro.
- Estilo de dirección que favoreza a participación e a comunicación dos problemas (liderado).
- Solicitar o apoio e o asesoramento do orientador ante os indicios ou situacións que poden derivar en posible acoso.
- Reunións periódicas dos titores por niveis co obxecto de deseñar accións conxuntas para a mellora da convivencia no centro. Adoptar estratexias organizativas que posibiliten a implicación de todo o profesorado nos labores titoriais.
- Impulso e actuación de comisións de mediación e outras estratexias de tratamento e resolución de conflitos.
- Posibilidade de crear comisións de investigación, compostas por alumnado e profesorado, sobre problemáticas relacionadas con situacións de violencia escolar.
- Difusión á comunidade educativa, a través de diferentes medios, do plan de convivencia e das NOF.
- Garantir que todos os membros da comunidade educativa coñezan os seus dereitos e deberes.
- Organización de grupos de traballo que favorezan as relacións persoais.
- Organización do centro respectuosa coa diversidade e aceptación desta como un valor positivo, fomentando a inclusión.

PLAN DE CONVIVENCIA DO IES PLURILINGÜE PEDRA DA AGUIA

- Impulsar nas concrecións curriculares para os distintos ciclos ou cursos o desenvolvemento de todas as competencias básicas, en especial as competencias sociais e cívicas.
- Rexistro dos conflitos que se producen no centro co fin de ter unha visión global e introducir as modificacións necesarias na regulación da convivencia do centro.
- Divulgar entre o profesorado, alumnado e familias orientacións básicas sobre o acoso e a súa prevención.
- Protocolos de información ante unha situación de acoso.
- Establecer canles para a denuncia de situacións de acoso con garantía de confidencialidade: caixa de reclamacións, queixas e suxestións, taboleiro de denuncias e queixas vía telemática.
- Vixilancia en zonas comúns: aseos, corredores, recreos, entradas e saídas...
- Mellorar as zonas de ocio, organizar grupos de xogo...
- Introducción de estratexias específicas de desenvolvemento emocional, habilidades sociais e axuda persoal.
- Creación das condicións favorables para a inserción de programas de mellora da convivencia: programas específicos de resolución de conflitos, programas de mediación en conflitos e axuda entre iguais...
- Promover encontros, conferencias e obradoiros para toda a comunidade educativa orientados á construción dunha convivencia positiva.
- Elaboración de orientacións e establecemento de programas de formación para todos os membros da comunidade educativa sobre a prevención e resolución de conflitos.
- Formación específica do profesorado, elaboración de materiais e documentos, protocolos de actuación axustados ao propio centro...
- Formación de familias: pautas para previr o acoso e outras formas de violencia dende a familia. Tratar estes temas no grupo de encontro e debate..
- Formación do alumnado: técnicas de resolución pacífica de conflitos.
- Elaboración de orientacións e establecemento de programas formativos dirixidos aos diferentes membros da comunidade educativa, coa intención de previr e actuar ante situacións de ciberacoso:

PLAN DE CONVIVENCIA DO IES PLURILINGÜE PEDRA DA AGUIA

- Formación do profesorado e de familias: sensibilización sobre o uso saudable e razoable das TIC, aprender a lles transmitir aos menores a confianza suficiente para que poidan recorrer a eles en caso de ameazas graves e/ou presentar a correspondente denuncia no organismo competente.
- Formación ao alumnado: potenciar o uso positivo das TIC e o espírito crítico ante os contidos aos que acceden, ser coidadoso cos datos persoais –onde aparecen e a quen se proporcionan-, non responder a provocacións a través dos medios tecnolóxicos: cando unha ameaza é persistente, hai que gardar o que se poida a xeito de proba do sucedido, pechar a conexión e pedir axuda a unha persoa adulta.

5.4.2 Estratexias de prevención na aula.

- Inclusión no Plan de acción tutorial da elaboración de normas de convivencia en cada clase, incluíndo de xeito explícito normas contra o acoso entre os compañeiros ou compañeiras, nas que se sensibilice sobre o dano que produce o maltrato e se faga explícito o rexeitamento de todos os tipos de violencia, así como propostas de recuperación en caso de incumprimento das normas.
- Realizar actividades de tutoría programadas no grupo referidas a:
 - Relacións no grupo.
 - Fomento da amizade.
 - Tarefas colaborativas.
 - Sensibilización fronte ao maltrato (respecto pola diferenza, promover a empatía emocional, rachar con mitos como o do acusón, aprender a ofrecer e pedir axuda, diferenciar entre amigos/as e compañeiros/as...)
 - Conciencia da importancia do coidado das relacións afectivas e emocionais dos adolescentes.
 - Análise das relacións interpersoais, dos sentimentos e dos conflitos.
- Traballar no grupo habilidades sociais asertivas e de autoconñecemento que capaciten o alumnado para dar respostas axeitadas en diferentes contextos:
 - Educar para as relacións interpersoais igualitarias baseadas na valoración mutua e no respecto.
 - Exercitar técnicas de autocontrol, empatía e resistencia á frustración.
 - Desenvolver a través de métodos cooperativos habilidades prosociais e destrezas para a xestión das emocións.

PLAN DE CONVIVENCIA DO IES PLURILINGÜE PEDRA DA AGUIA

- Formar comisións de alumnos/as para a mellora da convivencia en xeral: equipos de mediación, axudantes de recreo...
- Facilitarlle ao alumnado canles para que poida comunicarse co profesorado.
- Utilizar sesións de tutoría e xuntas de avaliación para detectar posibles situacións de acoso e/ou ciberacoso, analizando tamén os casos de absentismo escolar.
- Manter a través da acción titorial contactos periódicos coas familias para compartir información e asegurar unha mutua colaboración.
- Seguimento do clima relacional da aula. Aplicación e valoración de cuestionarios sociométricos.
- Para permitir unha verdadeira prevención, é prioritaria a concienciación do maior número de membros da comunidade escolar respecto de dous aspectos:
 - Conseguir a comprensión o máis obxectiva posible do fenómeno de acoso escolar, empregando regularmente elementos de mediación que permitan previr posibles situacións deste tipo.
 - Crear unha conciencia colectiva das normas mínimas de convivencia que todo membro desa comunidade ten que cumprir.

5.5.- O ciberacoso (segundo o Protocolo Xeral do Acoso e Ciberacoso escolar da Xunta de Galicia)

5.5.1.- Definición do ciberacoso

O ciberacoso ou *ciberbullying* é o uso das redes sociais, correo electrónico, blogs, e outros ámbitos das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) en prexuízo dunha ou máis persoas, ou da súa imaxe pública.

O ciberacoso supón o uso e difusión de información lesiva ou difamatoria (insultos, difamacións, ameazas, intimidación, seguimento persistente, envío reiterado de correos a alguén que non desexa recibilos, exclusións boicot, humillacións, spam, distribución de datos e imaxes persoais, roubo e suplantación da identidade...) en formato electrónico a través de medios de comunicación como o correo electrónico, a mensaxería instantánea, as redes sociais, a mensaxería de texto a través de teléfonos ou dispositivos móbiles, a publicación de vídeos e fotografías en plataformas electrónicas de difusión de contidos, e calquera outra que poida xurdir con características similares.

Aínda que o ciberacoso pode parecer difuso, en tanto que se perpetra en moitas ocasións fóra do espazo físico do centro escolar, este, ao ter coñecemento da situación e sempre que estean implicados algúns dos seus alumnos ou alumnas, ten a obriga de actuar coa mesma consideración de acoso escolar, sempre que as

condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos teñan conexión coa vida escolar.

5.5.2.- Criterios de identificación do ciberacoso

O ciberacoso caracterízase polos seguintes aspectos:

- A situación perdura no tempo. Quedan excluídas as accións puntuais que, aínda que puidesen ser un delito, non constitúen ciberacoso.
- Adoita existir contacto ou relación previa no mundo físico entre vítima e persoa ou persoas acosadoras.
- Existe intención de causar dano, aínda que non sempre se dá nos primeiros estadios do proceso.
- Realízase mediante o emprego de medios TIC. Pode tratarse de internet ou calquera dos servizos asociados: teléfono móbil, redes sociais, plataformas de difusión de contidos, foros, blogs...

5.5.3.- Tipos de ciberacoso

O ciberacoso pode concretarse en:

- **Fustrigamento:** cando se envían imaxes ou vídeos denigrantes sobre unha persoa, virus informáticos, mensaxes ameazantes...
- **Exclusión:** cando se usan contornos públicos para mandar comentarios despectivos ou rumores difamatorios co fin de provocar unha resposta expansiva, cando se lle nega o acceso a foros ou plataformas sociais á vítima...
- **Manipulación:** cando se utiliza información para difundila de xeito inapropiado entre os membros das redes sociais, cando se accede coa clave doutra persoa e se realizan accións que poden prexudicala no seu nome...

5.5.4.- Protocolo de actuación

Para valorar este tipo de condutas tomaranse en consideración os seguintes aspectos:

- Características e natureza das accións analizadas e dos dispositivos tecnolóxicos utilizados na comisión dos feitos.
- Natureza e difusión das accións.
- Facilitade/dificultade para deter o ciberacoso.
- Idade e características psicolóxicas da vítima e da persoa ou persoas presuntas agresoras.

PLAN DE CONVIVENCIA DO IES PLURILINGÜE PEDRA DA AGUIA

- Repercusións e impacto na vítima.

Ante situacións de ciberacoso será de aplicación o establecido no protocolo de acoso escolar que se desenvolve neste documento, para o que se terán en consideración as seguintes particularidades:

- É imprescindible conservar as probas do ciberacoso durante todo o tempo, sexa cal fose a forma na que se manifeste. Para esta conservación poderán capturarse pantallas en modo imaxe e vídeo, imprimir páxinas, copiar ficheiros... aspecto que deberá realizarse antes de iniciar calquera actuación coa posible persoa agresora ou persoas agresoras.
- Tratar de identificar as posibles persoas autoras do ciberacoso (atopar o seu enderezo IP, acudir a especialistas en informática e ás forzas e corpos de seguridade do Estado), pero, en todo caso, sen lesionar os dereitos de ningunha persoa.
- Contactar coa compañía do medio empregado para cometer o acoso (compañía de teléfono, propietario do dominio ou sitio web, etc.) coa finalidade de coñecer o procedemento que cómpre seguir para obter a información necesaria.
- Se é o caso, denunciar o acoso ás forzas e corpos de seguridade do Estado que dispoñen de unidades de delitos informáticos (Policía Nacional, Garda Civil e Policía Autonómica).
- Todas estas accións deberán estar enmarcadas na máis absoluta discreción e confidencialidade.

5.5.5.- Estratexias preventivas

a) O profesorado do centro

- Coñecer o funcionamento da web, en especial das redes sociais, para dominar o medio e poder aconsellar ao alumnado e ás familias.
- Aplicar medidas de seguridade nos equipos informáticos escolares (controlar o software instalado, as contas de usuario, o almacenamento de documentos, quen utiliza os equipos en cada hora, etc.).
- Establecer normas de uso dos equipos na aula (definir que pode e que non pode facer o alumnado, como debe organizar o seu material, respectar o material doutro alumnado, onde pode ou non pode acceder, etc.).
- Empregar sistemas de control e filtrado (facen revisións periódicas, monitorizar os equipos do alumnado mentres traballan –co seu coñecemento-, filtrar e bloquear páxinas, contidos, ou programas non desexados, etc.).

PLAN DE CONVIVENCIA DO IES PLURILINGÜE PEDRA DA AGUIA

- Realizar un uso didáctico e controlado das redes en sentido positivo, como actividade, incluíndo as boas prácticas, a seguridade e a prevención como contidos.
- Detección de problemas: documentarse sobre a sintomatoloxía dos problemas e estar atento a calquera indicio de ciberacoso ou malas prácticas.
- Evidentemente, en aulas que son utilizadas por varios grupos de alumnado, debe haber unha boa coordinación entre o profesorado en canto a normas e medidas.

b) Alumnado

- Aconsellar que controlen a súa identificación e a circulación dos seus datos persoais (alias, ingreso en grupos, etc.). En concreto, algunhas recomendacións habituais son:
 - Non crear contas en foros e redes sociais cos datos persoais, senón utilizando alias. Comunicar a propia identidade de forma privada só a aqueloutros membros cos que hai confianza e interesa que nos identifiquen.
 - Non establecer citas ou outras actividades presenciais con persoas que non coñecesen antes persoalmente, isto é, fóra da rede.
 - Non comunicar o domicilio, datos de contacto, datos bancarios, etc.; tampouco datos persoais de terceiras persoas
 - Sondar periodicamente a rede mediante un buscador, para saber se os seus datos persoais ou imaxes figuran nalgũa web.
- Consellos para non acosar: aproveitar o papel dos docentes para conciencialos de que a web non é o lugar apropiado para resolver diferenzas con outras persoas, e que a emisión de mensaxes hostís remata sendo prexudicial para todos. Promover o respecto e a prudencia.
- Consellos para non ser acosado: ser prudente e respectuoso ao empregar a web para comunicarse cos demais. Moitas veces os conflitos comezan por malentendidos ou comentarios inoportunos. Non expoñerse excesivamente aos comentarios dos demais contando temas persoais. Pedir axuda inmediatamente a familiares e profesorado ante as primeiras evidencias de acoso.
- Consellos para non tolerar o acoso: mentalizarse de que o acoso é un problema de todos, e non admitir que outros teñan actitudes negativas ou exerzan presión sobre terceiras persoas. Mostrarse conciliador e denunciar sen demora calquera caso de acoso do que se teña coñecemento.

c) Familia

- Adecuar as medidas de seguridade e control á vulnerabilidade dos seus fillos ou das súas fillas, dándolles máis autonomía a cambio de responsabilidade segundo se fagan máis maduros ou maduras.
- Aceptar internet como un instrumento que pode resultar beneficioso se se utiliza ben.
- Tratar de non exercer de policías, senón de conseguir que os seus fillos ou as súas fillas acepten como natural certo grao de control. O mellor é que acorden conxuntamente unha serie de condicións para o uso da web (horario, tipo de contidos), tanto mediante os ordenadores coma os móbiles.
- Se fose posible, promover que o alumnado non manexe o ordenador pechado no seu cuarto, senón en presenza doutros familiares. Evitar forzalo a que nos permita ver a pantalla; é moito máis efectivo ter confianza para preguntarlle con quen se comunica e conte de forma natural que é o que fai na rede. O ideal é darlle apoio, implicarse nos seus proxectos, ou mesmo facerse membro das mesmas redes sociais.
- Estar atentos a calquera síntoma de desacougo, cambios de humor repentinos, etc., sobre todo se coinciden cos accesos á web.
- Sondar periodicamente a rede mediante un buscador para detectar imaxes, datos persoais ou comunicacións dos seus fillos ou das súas fillas.

Resulta moi beneficioso manter un contacto profesorado-familia para comunicar calquera síntoma de acoso que se detecte no alumnado e tomar medidas canto antes.

6.- Concreción, en cada unha das actuacións, das medidas ou dos programas, das persoas ou órganos responsables, das persoas destinatarias e dos procedementos que se van seguir para o seu desenvolvemento e execución

6.1.- Actuacións realizadas para a mellora da convivencia no centro

6.1.1.- Programa de intervención familiar en centros educativos (PIFCE)

O Programa de Intervención con Familias en Centros Educativos (PIFCE) foi desenvolvido polos Servizos Sociais dos Concellos de Camariñas e Muxía en coordinación co Servizo de Saúde Mental do Hospital “Virxe da Xunqueira” de Cee. Este programa pretende definir as posibles áreas de actuación dos servizos sociais de atención primaria en determinadas problemáticas xurdidas no ámbito académico,

PLAN DE CONVIVENCIA DO IES PLURILINGÜE PEDRA DA AGUIA

así como elaborar un protocolo de actuación para os casos en que, logo da aplicación dos procedementos habituais dos centros educativos, os responsables deses centros consideren que ditos procedementos non foron suficientes para solucionar a situación.

Problemas a tratar:

- Absentismo escolar.
- Comportamento antisocial.
- Maltrato infantil.

1. ABSENTISMO ESCOLAR.

Definición:

Absentismo Escolar: “Non asistencia e/ou falta de puntualidade reiterada e non xustificada, por parte do/a alumno/a menor de 16 anos, á institución educativa que corresponda”.

2. COMPORTAMENTO ANTISOCIAL.

Definición:

Comportamento Antisocial: “Patrón de comportamento persistente e repetitivo no que se violan os dereitos básicos dos outros ou importantes normas sociais axeitadas á idade do suxeito”.

Protocolo de actuación: Cando non foron suficientes os procedementos habituais de sancións e medidas disciplinarias.

1. Informar ao alumno/a.
2. Derivar á familia.
 - Volante. Datos mínimos.
 - Motivo da derivación.
 - Resumo das actuacións seguidas ata o de agora.
 - Persoa que deriva: titor, orientador, xefe de estudos.
3. Envío de informe de departamento de Orientación ou dinamización de convivencia a servizos sociais do concello (Psicólogo).

Compromiso do programa de intervención:

- Manter unha entrevista coa familia para ofrecerlles tratamento e explicar as condicións do mesmo.
- Realizar un informe escrito e verbal.
- Manter unha reunión trimestral (mínimo) co titor.

Compromiso do centro:

- Asistencia ás reunións do derivante e outros profesores implicados.
- Facilitar información relevante.
- Consensuar as sancións cos Servizos Sociais.

3. SITUACIÓNS DE ABANDONO/MALTRATO INFANTIL

Definición:

Maltrato Infantil: “Calquera acto por acción, omisión, ou trato negligente, non accidental e continuado, cometido sobre un menor, que ameace e/ou interfira o seu ordenado desenvolvemento físico, psíquico ou social”.

O procedemento habitual de intervención e o protocolo de actuación coinciden co do comportamento antisocial.

As medidas adoptadas ao longo destes cursos como reforzo a este proxecto foron as seguintes:

1. Seguimento do alumno/a no IES.
2. Clases de reforzo educativo coa educadora familiar, en horario extraescolar.
3. Contratos pedagóxicos e “colaboracións” con profesorado do centro, para que titorizase nun horario determinado a algún alumno “conflictivo”.
4. Tarefas na aula de traballo individualizado.
5. Uso da aula de informática do concello para que asistiran os venres, sempre que durante a semana melloraran a súa actitude no centro.

6. Acollemento por parte dos Servizos Sociais do alumnado durante os días de expulsión.

6.1.2. PROGRAMA: “DORNA: embárcate na saúde”

Este programa de promoción da saúde, impulsado pola Asociación ABONDOU (Camariñas), foi executado na súa parte técnica por XENEME-Intervención Social, e asentouse durante todos estes anos de funcionamento en varios ámbitos de actuación.

Iniciouse en novembro de 1998. Cun traballo arduo apoiado na comunicación e a cooperación de todos os axentes implicados no programa, este adquire progresivamente un maior pulo, abarcando cada vez máis destinatarios (toda a ESO, profesorado, equipo directivo, dpto. de orientación, nais e pais) en diferentes ámbitos de intervención (intracurricular, extraescolar, tempo libre).

Este programa favorece a introdución, no seu momento de dous educadores sociais dentro da dinámica do instituto cun alto grao de conexión co profesorado.

- Proposta de itinerario formativo de Convivencia
- Habilidades Sociais
- Resolución de Conflitos
- Prevención da Violencia
- Prevención de Violencia de Xénero

Durante o **curso 2009/10** a Asociación Abondou puxo a disposición do centro unha técnica de habilidades sociais desde as 11:15 horas ata as 14:15 horas de todos os días lectivos desde outubro ata maio. Durante o curso 2010/11 o horario de permanencia da técnica era de 3 días á semana en horario de 11:15 ata as 14:15 horas. O traballo desta técnica consistía en desenvolver o programa de habilidades sociais, talleres necesarios, outras actividades e participar na comisión de convivencia para acordar determinadas accións para mellorar a convivencia do centro.

No curso **2011/12 e 2012/13** esta técnica está no centro 2 días á semana sostida polos Contratos Programa. Dende o curso 2013/14 ata a actualidade esta técnica segue sendo contratada a cargo dos Contratos Programa pero está no centro 1 día durante 3 sesións de clase e nos 2 recreos.

6.1.3.- PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS.

Durante o curso 2017/18 vemos a necesidade de que esta técnica de habilidades sociais leve a cabo o desenvolvemento deste programa en todos os cursos da etapa.

6.2.- PROCEDEMENTOS PARA A RECOLLIDA DAS INCIDENCIAS EN MATERIA DE CONVIVENCIA

6.2.1.- Na sala de profesores

Esta función realízaa a xefatura de estudos. O/A profesor/a de garda deposita nun arquivador, que está na mesa do libro de gardas, os impresos de sancións correspondentes á súa hora de garda.

A xefatura de estudos recolle diariamente estas sancións, compútaas e devolve o impreso ao/á titor/a para que o xestione. Mantén, así mesmo, informado ao grupo de convivencia das incidencias.

Semanalmente, en xuntanza deste grupo, tómanse os acordos pertinentes.

6.2.2.- En Xefatura de Estudos

Recóllense os casos de condutas sancionadas con perda de asistencia ao centro de ata tres días. Ao mesmo tempo, recóllense todas as incidencias ocorridas na aula do alumno/a que son comunicadas ás familias diariamente ou semanalmente a través dos titores e das titoras.

A xefatura de estudos é a encargada de transmitir á Comisión de Convivencia todas as incidencias ocorridas no centro.

6.2.3.- Actuacións previstas para a consecución dos obxectivos do plan

- 1) Continuar coa organización interna do centro en torno á Convivencia.
- 2) Valorar as medidas tomadas na Aula de Convivencia, PIF, talleres, e ir modificando, mellorando e ampliando estas medidas.
- 3) Compromiso do equipo directivo para continuar con esta organización.
- 4) Reunións con cada unha das instancias e das persoas involucradas na medida (profesorado voluntario, xefatura de estudos, orientación, dinamizadora da convivencia, Comisión da Convivencia) para resolver dúbidas, unificar criterios, avaliar xestión, etc.
- 5) Continuar co labor de sensibilización(ao Claustro, familias e alumnado) sobre a importancia da adecuada convivencia escolar.
- 6) Desenvolvemento do Plan de Acción Titorial.

PLAN DE CONVIVENCIA DO IES PLURILINGÜE PEDRA DA AGUIA

- 7) Establecer medidas de coñecemento e aceptación das normas do Centro (NOF) por parte de toda a comunidade educativa.
- 8) Difusión a través da páxina web do Instituto.
- 9) Implicar ás familias no Plan de Convivencia do Centro a través dos compromisos familiares e/ou outras medidas.
- 10) Continuar coa organización de actividades preventivas tanto nas titorías como no centro en xeral.
- 11) Ter en conta os intereses do alumnado á hora de programar actividades.
- 12) Motivar ao profesorado para que siga participando en grupos de traballo de convivencia e que siga constituíndo un verdadeiro foro de reflexión sobre a convivencia.
- 13) Xornada de acollida ao profesorado novo.
- 14) Implicar ao profesorado na xestión das medidas para a mellora da convivencia.
- 15) Continuar co labor de creación e modificación de materiais tales como rexistros, protocolos, informes, etc.
- 16) Potenciar o labor da Comisión da Convivencia.
- 17) Realizar actividades de coñecemento e difusión da mediación escolar.
- 18) Formación de mediadores/as. Intercambio de experiencias con outros centros.
- 19) Seguir colaborando con instancias alleas ao centro (Asociación Abondou, Asuntos Sociais do concello, etc.) para o tratamento dos conflitos do Instituto: *Realización de Talleres de Habilidades Sociais, Prevención de violencia de xénero, Prevención de condutas racistas, etc.*
- 20) Fomentar a realización de actividades que potencien o respecto á diversidade cultural.
- 21) Fomentar o respecto entre todos os membros da comunidade, así como a integración de todo alumno/a no centro, prestando especial interese ao alumnado con NEE. Prevese a realización de actividades nas titorías, xornadas de acollida e potenciación do labor do titor/a persoal.
- 22) Organizar actividades que potencien o coñecemento entre as persoas e fomenten un clima agradable. Organización de eventos sociais: comidas, xornadas de convivencia, viaxes, etc.

6.2.4.- Actuacións dos órganos de goberno e de coordinación docente en relación ao tratamento e xestión da convivencia

Xa se describiron os obxectivos a conseguir e as funcións a realizar de cada un dos órganos de goberno e de xestión da convivencia no centro: Comisión de Convivencia, Equipo Directivo, Dinamizador/a da convivencia.

6.2.5.- Actuacións conxuntas dos equipos docentes do centro e orientación en relación ao tratamento da convivencia

As actuacións a realizar, metodoloxía empregada e temporalización, atópanse no Plan de Acción Titorial, presente en xefatura de estudos e que se atopa incluído no Plan Educativo de Centro.

Quincenalmente, os titores e titoras de cada curso reúnen-se con Orientación para tratar temas relativos á convivencia e para a organización e coordinación de actividades conxuntas.

6.2.6.- Actuacións a realizar para favorecer a integración do alumnado de novo ingreso

Desde as titorías: Reunións coas familias, actividades na aula.

Desde Orientación e Dinamización da Convivencia: Reunións cos titores de primaria e orientadores, reunións coas familias, xornada de acollida no curso anterior ao alumnado novo, xornada de acollida ás familias do alumnado novo.

Todas as actuacións foron xa descritas en anteriores epígrafes.

6.2. 7.- Actuacións para a prevención e tratamento da violencia sexista, racista ou calquera outra.

Desenvolvemento de diversas actividades relacionadas co tema da violencia.

7.- NORMAS DE CONVIVENCIA (ANEXO NOF)

8.-CONDUTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA (ANEXO NOF)

9.- COMISIÓN DE CONVIVENCIA. Segundo o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/20011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

1. A comisión de convivencia de cada centro constituirase no seo do seu consello escolar. Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en mate-

PLAN DE CONVIVENCIA DO IES PLURILINGÜE PEDRA DA AGUIA

ria de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto neste decreto, no plan de convivencia e nas normas de convivencia da cada centro.

2. A comisión de convivencia, na súa composición, integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa. Estará composta polas persoas representantes do alumnado, do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos e, no caso dos centros concertados, tamén por unha persoa representante da titularidade do centro, todas elas na mesma proporción en que se encontran representadas no consello escolar do centro ou órgano equivalente. Será presidida pola persoa titular da dirección do centro e unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará a acta das súas reunións. O nomeamento das persoas integrantes da comisión de convivencia nos centros educativos corresponde ao director ou á directora por proposta dos colectivos representados. Os seus membros poden coincidir cos do consello escolar, pero non teñen que ser os mesmos necesariamente.

3. O réxime de funcionamento, composición e o desenvolvemento das funcións da comisión de convivencia de cada centro docente concretarase no plan de convivencia, de conformidade co establecido para os órganos colexiados na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e, en todo caso, manterán tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

A comisión de convivencia exercerá por delegación do Consello Escolar as seguintes funcións:

- Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- Impulsar acción dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.

PLAN DE CONVIVENCIA DO IES PLURILINGÜE PEDRA DA AGUIA

- Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas candidatos/as que poidan formar parte do equipo de mediación.
- Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o Consello Escolar sobre o grao de cumprimento das normativa vixente.
- Realizar o seguimentos dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.

9.1.- A AULA DE CONVIVENCIA

A Aula de Convivencia (AC) é un espazo de reflexión e ten as funcións abaixo descritas. Está coordinada polo/a dinamizador/a da convivencia e é atendida pola propia persoa dinamizadora, xefatura de estudos e pola orientadora.

Os Obxectivos da Aula de Convivencia son:

- Mellorar o clima de convivencia do centro.
- Crear espazos novos para aprender a resolver os conflitos de xeito pacífico, reflexivo dialogado e transformador.
- Participar no proceso educativo con principios solidarios.
- Xerar confianza en medios alternativos á expulsión.

9.1.1.- Funcións da Aula de Convivencia

As funcións da Aula de Convivencia son:

- a) Analizar o clima de convivencia do centro.
- b) Atender ao alumnado cun comportamento ou actitude que impida o desenvolvemento normal da actividade docente.
- c) Buscar unha solución ao conflito.

9.1.2.- Atención ao alumnado

1. Cando o comportamento ou a actitude dun alumno impida o normal desenvolvemento da clase, o profesor enviarao á aula desdobre 1.

PLAN DE CONVIVENCIA DO IES PLURILINGÜE PEDRA DA AGUIA

2. Non é motivo para enviar a un alumno á aula de desdobre 1 o feito de non traer materiais, nin o de chegar tarde a clase (comunícase o atraso no XADE).
3. Todo/a alumno/a expulsado/a da súa aula debe pasar polo desdobre 1, quedando rexistrado este feito no libro de gardas, non podendo permanecer nos corredores.
4. O protocolo a seguir por parte do profesorado que envía a un/a alumno/a ao desdobre 1 é o seguinte:
 - a) Elixir entre os tres modelos posibles (impresos amarelo, azul e verde) que estarán nas bandexas da mesa da sala de profesores. Ningún alumno/a poderá saír da clase sen o impreso. (Anexos 2.1, 2.2, 2.3). Neste impreso o profesor describirá o ocorrido.
 - b) O/A alumno/a expulsado será acompañado por outro alumno ata a sala de profesores xunto ao profesor de garda.
 - c) Proporcionar tarefa para a súa realización por parte do alumno durante o tempo de expulsión.
5. O protocolo a seguir por parte do profesor/a de garda será o seguinte:
 - Acompañar ao alumno sancionado ata o desdobre 1.
 - Tratar de que o alumno/a se tranquilice (se é necesario).
 - Supervisar a realización do traballo enviado polo profesor de aula ou, no seu defecto, entregarlle outro material de traballo.
 - Recoller este material cando remate o tempo de permanencia do alumno/a na aula de desdobre 1.

9.1.3.- Protocolo a seguir na aula de dinamización da convivencia

Coa información recollida pola xefatura de estudos sobre as sancións impostas e, revisada na reunión semanal da Comisión de Convivencia, esta decidirá as medidas que se tomarán.

9.1.4.- Valoración do clima de convivencia

Trimestralmente, o/a dinamizador/a da Convivencia elaborará informes do alumnado que asistiu ás aulas de Convivencia . Este informe xunto co elaborado pola xefatura de estudos sobre incidencias será presentado no Claustro de Profesores/as, no Consello Escolar e na Comisión da Convivencia.

9.1.5.- Información ás familias

Esta información debe ser coñecida o máis rapidamente posible polas familias. Para iso, a Xefatura de Estudos recollerá as incidencias diarias e entregará o orixinal ao titor, este fará 2 copias, 1 copia é para enviar aos pais e outra queda o titor/a con ela; despois, o orixinal será devolto á xefatura de estudos, que manterá informados á orientadora e ao dinamizador da convivencia. O titor/a, no prazo máis breve de tempo, enviará esta información ás familias. Unha vez todas as familias teñan instalado a aplicación Abalar Móbil, a información ás familias será a través da mesma.

9.1.6.- Instalacións

- Os alumnos que saian expulsados serán atendidos polo profesorado de garda que recollerá esta incidencia no libro de gardas. A continuación acompañará e custodiará a este alumnado mentres permaneza no desdobre 1.
- Á aula de convivencia irán todos os alumnos que tiveran algunha incidencia, e alí entrevistarase coa persoa dinamizadora, de orientación ou de xefatura de estudos e será un momento para a reflexión e tratar de resolver o conflito.

10.- Mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno.

10.1.- Familias do alumnado e a súa participación

O equipo directivo, e o Centro en xeral, debe propoñerse como obxectivo conseguir a implicación das familias.

11.- Estratexias e procedementos para realizar a difusión, o seguimento e a avaliación do plan de convivencia

A difusión do Plan de Convivencia realizarase, en cada un dos sectores da comunidade educativa, do seguinte xeito:

- Alumnado: A través das titorías, a Xunta de Delegados/as, as asembleas de clase e a través dos/as representantes do alumnado no Consello Escolar.
- Profesorado: A través de convocatorias de Claustro, CCP, Grupo de Traballo e Consello Escolar.
- Familias: A través dos seus representantes no Consello Escolar, na ANPA e nos Encontros Escola-Familias.

Toda a comunidade educativa poderá acceder ao Plan de Convivencia xa que está dispoñible na páxina web do Instituto.

12.- PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA

O seguimento e avaliación do Plan realizarano:

- A Comisión de Convivencia, tal como se especificou anteriormente.
- O Grupo de Convivencia, nas súas reunións semanais e cumprindo as funcións anteriormente especificadas.
- Os titores e titoras nas reunións quincenais coa orientadora.

REFORMAS DO PLAN DE CONVIVENCIA.

No curso 2011/12 fanse as seguintes reformas: Cambios de nomes e conceptos pola nova lexislación vixente. Tamén se introducen aspectos do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia no que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

Nos cursos 2015/16 e 2016/17 faise unha reestruturación e revisión do Plan de Convivencia tendo en conta o regulado en:

- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Estratexia galega de convivencia escolar 2015-2020 que inclúe o I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.